

SAÍDA SOCIOEDUCATIVA A VILAGARCÍA DE AROUSA, VILANOVA DE AROUSA E CALDAS DE REIS

DATA: Sábado 21 de abril

DÍA DE INSCRICIÓN: 13 de abril no Departamento de Servizos Sociais de 09.00 a 15.00 h.

PERSOAS DESTINATARIAS: 54 persoas maiores de 55 anos do Concello de Bergondo.

DESCRICIÓN:

7.30 a 8.30	Recollida das persoas participantes polas parroquias do Concello de Bergondo.
8.30 a 10.00	Saída de Bergondo cara Vilagarcía de Arousa.
10.00 a 12.00	<p>Visita guiada no Pazo de Rubianes.</p>  <p>Visitaremos o pazo do Señorío de Rubianes, construído no século XV e reconstruído 300 anos despois baixo o mandato de D. Jacobo Ozores, visitaremos o Xardín Histórico con máis de 4.500 exemplares de Camelias, e todo tipo de diferentes especies botánicas que nos deixarán asombrados, non só pola súa beleza natural, senón pola man que as traballa. Visitaremos a capela e tamén as bodegas.</p>
12.00 a 14.00	Tempo Libre por Vilagarcía de Arousa.
14.00 a 14.15	Traslado ao Restaurante Europa en Vilanova.
14.15 a 16.15	<p>Xantar co seguinte menú:</p> <p>1º prato: Arroz de marisco</p> <p>2º prato: Carrilleras ao forno</p> <p>Sobremesa: Tarta da avoa con xeado</p> <p>Café e bebida</p>
16.15 a 16.30	Traslado a Vilanova de Arousa.
16.30 a 17.30	Visita do Museo de Valle Inclán.



O museo está situado na Torre de Bermúdez (S. XVI), declarada Monumento Histórico Artístico en 1976 e vinculada á familia de Valle-Inclán, xa que pertenceu aos seus avós.

No museo atópanse primeiras e raras edicións de libros do autor, manuscritos orixinais, fotografías de época, obxectos de belas artes (escultura, pintura, caricatura), vestiario, escenografías e cartelería teatral. Ademais, conta cunha sala para exposicións temporais e un auditorio no que se organizan distintas actividades culturais ao longo do ano.

17.30 a 17.50	Traslado a Caldas de Reis.
17.50 a 18.50	Percorrido por Caldas de Reis, augas termais, parque botánico e carballeira
18.50 a 20.00	Tempo libre en Caldas de Reis.
19.40 a 21.00	Traslado a Bergondo.
21.00 a 22.00	Reparto dos participantes polas parroquias do Concello de Bergondo.